

COMEDOR PARA O CURSO 23/24

Estimadas familias,

Como vostedes solicitaron praza no comedor para o curso que vén e non temos praza para todos os solicitantes, temos que baremar, segundo o establecido pola Consellería de Educación, de cara a asignar as prazas.

Para iso teñen que ler esta circular e **aportar a documentación pertinente**, se é que non a portaron xa, en función da súa situación familiar que corresponda.

Ademáis, **deben entregar cuberto e asinado o modelo de Autodeclaración cos datos da declaración do IRPF do 2022**.

Deben entregar toda a documentación na secretaría do centro, ou ben enviala ao correo electrónico do centro: ceip.frions@edu.xunta.gal, **antes do 7 de xullo de 2023 ás 13:30 horas**.

Reciban un cordial saúdo.

Dirección do CEIP de Frións

ORDE DE ASIGNACIÓN DE PRAZAS E DOCUMENTACIÓN A ACREDITAR

A baremación para asignar as prazas de comedor farase tendo en conta a documentación presentada e os criterios establecidos na instrución 3/2023 da Secretaría Xeral Técnica, a orde de entrada no comedor será a seguinte:

- 1º) Alumnado usuario do servizo do comedor no curso anterior, salvo que non variase substancialmente o criterio polo que foi admitido. **Neste caso non se precisará traer xustificación documental.**
- 2º) Usuarios lexítimos de transporte escolar nos termos establecidos na instrución 1/2021. **Neste caso non se precisará traer xustificación documental.**
- 3º) Ter un irmán ou irmá matriculado no centro e ser usuario de comedor. **Non será necesaria xustificación documental.**
- 4º) Alumnado de familias en situación socioeconómica de exclusión social ou con discapacidade superior ao 33%. **Deberá adxuntarse certificado de servizos sociais e/ou de minusvalía.**
- 5º) Alumnado de familias numerosas. **Fotocopia do libro de familia numerosa.**
- 6º) Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia. **Débase presentar algunhda documentación da referida neste punto.**
- 7º) Outro alumnado do centro que este escolarizado fóra da área de influencia que lle corresponda.

CENTRO EDUCATIVO:
ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS
A) RENDA NETA IRPF 2022:

casilla 435 + casilla 460 – casilla 595 = X

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S CAL /ES SOLICITA COMEDOR: número de membros = Y

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = X/Y

D) AUTODECLARACIÓN

Marque a casilla seguinte

Aboamento de 0 € por día de servizo	
--------------------------------------------	--

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €





Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------

Marque a casilla seguinte

Aboamento de 1 € por día de servizo

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

Marque a casilla seguinte

Aboamento de 2,50 € por día de servizo

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

Marque a casilla seguinte



Aboamento de 4,50 € por día de servizo

Se súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....de.....de 2023

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade:

